

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Deportes

Bases do programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do deporte (2017). Orzamento municipal 2017

Bases do programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para fomento e promoción do deporte (2017). Orzamento municipal 2017

Base 1.-Finalidade da subvención.

O Concello de Ferrol, no marco das súas competencias ten, entre as súas prioridades, a concesión de axudas económicas destinadas á promoción do deporte, co obxectivo de contribuír a que as entidades privadas sen ánimo de lucro dispoñan de medios para o cumprimento dos obxectivos que lles son propios e ao mesmo tempo para que actúen como motores e garantes da participación cidadá efectiva nos seus distintos ámbitos de actuación.

Base 2.-Réxime xurídico.

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.
- Real D L 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral do Concello de Ferrol (BOP n.º 20, do 1/02/2010)
- Bases de execución do orzamento municipal 2015 prorrogado para o 2017.

Base 3.-Obxecto da subvención.

As presentes bases teñen por obxecto regular a liña de subvencións por concorrencia competitiva a clubs e entidades deportivas, debidamente rexistradas no Concello de Ferrol, para o fomento e promoción, en xeral, da Educación Física e do Deporte da nosa cidade a través de dúas liñas de actuación:

- Actividades desenvolvidas por Clubs e entidades deportivas mediante a participación en competicións deportivas federadas.
- Actividades desenvolvidas por Clubs e entidades de base de iniciación deportiva e fomento da práctica deportiva non federada.

Os gastos obxecto de subvención deberán realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

A estes efectos considerárase gasto realizado o efectivamente pagado dentro deste período.

Esta convocatoria imputarase á aplicación orzamentaria 05004-3411-48000, por importe total de 125.000 €, e condiciónase á existencia de crédito no exercicio orzamentario no que se recoñeza a obriga.

Base 4.-Entidades solicitantes e requisitos.

Os clubs ou entidades deportivas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar inscritos no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe de deportes (ou no antigo rexistro do extinguido Patronato Municipal de Deportes) e cos datos actualizados no momento de presentar a solicitude
- Ter os seus estatutos adaptados á Lei 3/2012, do 3 de abril, Xeral do Deporte de Galicia.

- Non contravir o regulado no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Cumprir os requisitos da convocatoria de concesión de subvencións
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas co Administración Tributaria (de carácter estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
- Para a actividade non federada obxecto da presente subvención, as entidades ou clubs deportivos deberán ter concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a Responsabilidade Civil nos termos que prevé o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, así como o seguro de Asistencia Sanitaria dos participantes no evento que contempla o art. 22 da mesma Lei.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo co Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor). No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditarlo de forma expresa mediante unha declaración responsable.

Base 5.-Exclusións.

Quedan excluídas do presente programa as seguintes entidades e/ou actividades:

- As Federacións Deportivas, Entes de Promoción Deportiva e aqueles Clubs e entidades que tan só teñan actividades de carácter interno ou social.
- A participación dos equipos nas competicións oficiais cando sexa obxecto subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario. Neste suposto a entidade poderá participar na presente convocatoria unicamente para o resto dos seus equipos se os houbera.
- As escolas deportivas cando sexan obxecto de subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario. Neste suposto a entidade poderá participar na presente convocatoria unicamente co resto das escolas da entidade se as houbera.
- As actividades de fomento ou eventos deportivos para os que os clubs ou entidades deportivas reciban unha subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario. Neste suposto a entidade poderá participar na presente convocatoria unicamente co resto de actividades da entidade se as houbera.

Base 6.-Límites e condicións da subvención.

O importe da subvención en ningún caso poderá superar o 40% do orzamento do club ou entidade deportiva, e en calquera caso non poderá ser superior a 10.000 €.

Unicamente serán subvencionables os seguintes gastos e cos seguintes límites:

- Gastos de publicidade e difusión: Imprenta, serigrafía, etc. En relación a estes gastos, compre lembrar a obriga das entidades beneficiarias de facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (carteis, camisetas, carteiras de cintura, trofeos, bolsas...), a colaboración do Concello de Ferrol inxerindo en todo o material publicitario o logo institucional do Concello.
- Gastos de transporte e aloxamento. Respecto dos gastos de transporte e desprazamentos, aloxamento e manutención de equipos ou deportistas, terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá acreditarse este vencellamento na memoria da actividade, no trámite da xustificación ou a través dos calendarios das competicións oficiais.
- Gastos de persoal e asistencia técnica (monitores, asistencia médica, fisioterapia, recoñecementos médicos previos a práctica deportiva, etc.).
- Gastos de materiais consumibles específicos das actividades. Sempre que se trate de bens non inventariables.
- Gastos relacionados coas actividades executadas. Licenzas, arbitaxes, inscricións en competicións, seguros etc.
- Gastos de xestión (materiais de administración, fotocopias, papel bolígrafos material informática, etc) e gastos de subministracións (luz, auga, telefono, fax e correo) sempre e cando estean adscritos a directamente a realización da actividade subvencionada e especificados motivadamente no orzamento. (Non poderán superar o 20% do total da xustificación).

- Cortesías de colaboración relacionadas co programa como agasallos, placas conmemorativas e cortesías gastronómicas (non poderán superar o 10% do total da xustificación).

Base 7.-Solicitudes.

7.1.-Prazos.

As solicitudes das subvencións dirixiranse á Alcaldía do Concello de Ferrol, no modelo que figura como anexo I a estas bases, e presentaranse no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A solicitude poderá presentarse no Rexistro xeral do Concello ou en calquera dos outros rexistros e oficinas aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.2.-Documentación.

A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola Secretaría co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue. No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase a sinatura da Tesourería da entidade.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

As persoas e entidades solicitantes deberán achegar, con carácter xeral:

- No caso de que exista, acreditación da delegación da Presidencia na que se especifique o alcance da dita delegación (presentación das solicitudes de subvencións e sinatura de toda a documentación necesaria para a súa tramitación). A dita acreditación realizarase mediante acordo da Xunta Directiva, poder notarial ou calquera medio válido de acreditación en dereito.
- Solicitude de participación na convocatoria en modelo oficial (anexo I).
- Documento que acredite a identidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude e declaracións xuradas (anexo II). Xuntaranse copias do DNI e do CIF.
- Proxecto deportivo da actividade deportiva do club ou entidade a realizar durante o ano 2017 asinado polo Presidente/a da entidade ou persoa habilitada a tal efecto. Conterá:

1.1. Obxectivos do club durante o período que abrangue a subvención.

1.2. Descrición da actividade federada do club. Previsións de competicións a disputar para cada un dos equipos ou deportistas.

1.3. Descrición da actividade da escola do club.

1.3.1. Obxectivos xerais, específicos, calendario de actividades.

1.3.2. Horario semanal da escola deportiva.

1.4. Relación de Recursos humanos, labor que desempeñan e titulacións de cada un.

1.5. Organización de eventos deportivos federados ou non. Denominación do mesmo, datas previstas, destinatarios, etc.

- Baremo de puntuación. Todos os aspectos a reflectir no cadro de baremo, deberán vir descritos no proxecto deportivo do punto 3. Os clubs polideportivos entregarán por separado un baremo por deporte ou sección deportiva. (anexo III).
- Certificación da Federación correspondente axustada ao modelo (anexo IV).
- Copia das titulacións dos técnicos deportivos.
- Orzamento da entidade para o ano exercicio 2017 (incluído no baremo anexo III).
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, declaración responsable de que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da subvención, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (incluído no anexo III. Baremo). No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditalo de forma expresa mediante unha declaración responsable.

- Declaración de solicitude doutras axudas e subvencións para a realización do mesmo proxecto e se estas foron concedidas ou están pendentes de resolución, concepto e contía das mesmas (anexo V).
- Declaración de non ter obrigas pendentes coa Facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social (incluído no anexo II). No suposto de solicitude de concesión de subvencións superior a 3.000 €, a entidade beneficiaria afectada deberá presentar os correspondentes certificados oficiais.
- Declaración de non estaren incurso a entidade beneficiaria nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións da Administración pública, dispostas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro (incluído no anexo II).
- Declaración responsable de que a entidade cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003 relativo ás obrigas da entidade beneficiaria (incluído no anexo II)

A documentación que se presente deberá ser orixinal ou copia compulsada, consonte aos requisitos previstos nos apartados c) e d) do artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Cultura requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base 8.-Comisión de valoración e resolución das solicitudes.

8.1.-Procedemento de concesión.

O procedemento de concesión da subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as ditas solicitudes de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria, e co límite orzamentario dispoñible.

A concesión das subvencións será aprobada por resolución do Concelleiro de Deportes, previo informe da Comisión Avaliadora e da proposta motivada do negociado de Deportes.

A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: Concelleiro/a delegada da Concellería de Deportes, que poderá ser coincidente con outros representantes; ou concellería en quen delegue se é o caso.
- Concelleiro/a delegado de Participación Cidadá.
- Un representante de cada grupo municipal.
- Dous representantes de entidades deportivas, inscritas no Rexistro Municipal (extinguido Patronato Municipal de Deportes), elixidos/as por sorteo.
- Coordinadora municipal de actividades deportivas, que actuará como secretaria da comisión de valoración, con voz e sen voto.

A Comisión informativa de Deportes deberá ditaminar o informe da Comisión Avaliadora para a súa elevación ao órgano competente de aprobación.

Base 9.-Criterios de avaliación das solicitudes.

A contía das subvencións determinarase despois da consideración das actividades que se van a realizar,ponderando segundo os seguintes criterios, que serán acreditados mediante a presentación do Anexo III, Anexo IV e Anexo V:

PROXECTO DEPORTIVO (70%)	
PARTICIPACION. Nivel de cobertura poboacional	20%
COMPETICION. Representatividade no sector	20%
RECURSOS HUMANS. Nivel de sostibilidade do proxecto	10%
PROMOCION DEPORTIVA. Promoción da participación cidadá e dinamización comunitaria	20%
PROXECTO ECONOMICO (30%)	
Capacidade de autoxestión e nivel de financiamento	30%

9.1) PROXECTO DEPORTIVO (70%)

9.1.1.-PARTICIPACION. NIVEL DE COBERTURA POBOACIONAL.

9.1.1.1) Escola deportiva.

Destinado a valorar a todas aquelas persoas que non posúan licenza federativa e polo tanto non participen nas competicións oficiais das diferentes federacións deportivas.

Para a valoración deste criterio tomarase en conta as persoas coas que conte a Escola deportiva a 1 de Xaneiro de 2017.

Para puntuar dentro deste apartado, deberá presentarse:

- Relación nominal dos alumnos/as da escola xunto coa súa data de nacemento.
- Declaración responsable do presidente/a da entidade na que se informe acerca da contía que pagan os alumnos/as pola asistencia á escola así como de que os nenos/as nela relacionados/as non se atopan federados/as.
- As entidades ou clubs deportivos deberán declarar (anexo III. Baremo) ter concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil nos termos que prevé o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, así como o seguro de asistencia sanitaria dos participantes que contempla o art. 22 da mesma Lei.
- O número de nenos/as, en función do custo da escola multiplicarase :
 - Gratuíta x 3 ptos.
 - Ata 12 €/mes x 2 pto.
 - Máis de 12 €/mes x 1 pto.

9.1.1.2) Fichas de deportistas.

Destinado a valorar o número de fichas de cada club. Xustificarse única e exclusivamente a través do certificado emitido pola federación correspondente (anexo IV).

Para a valoración deste criterio terase en conta aos deportistas da tempada 2016-2017 no caso de deportes de tempada bianual ou do ano 2017 no caso de deportes de tempada carácter anual. Multiplicarase:

- N.º fichas deportistas masculinos x 1 pto
- N.º fichas deportistas femininas x 3 ptos. agás nos seguintes deportes nos que se multiplicará x1:
 - Ximnasia Rítmica, Ximnasia Artística, Atletismo, Esgrima, Patinaxe Artístico, Xadrez, Tiro Olímpico, Tiro con Arco, Judo, Karate, Surf, Natación, Natación sincronizada, Golf, Actividades de Montaña, Hípica, Actividades subacuáticas, Tenis, Tenis de Mesa, Pádel, Deportes Aéreos e Vela.

9.1.1.3) Accesibilidade do proxecto.

Outorgarase 3 puntos por cada participante que presente algún tipo de eiva física, psíquica ou sensorial, previa declaración responsable asinada polo presidente (Anexo III)

Non é de aplicación a Clubs ou entidades deportivas que teñen por obxecto exclusivamente a promoción do deporte adaptado.

Neste apartado (PARTICIPACIÓN-9.1.1) outorgarase o máximo (20 puntos) a entidade que máis puntuación parcial obtivese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos

9.1.2. CRITERIO COMPETICION. REPRESENTATIVIDADE NO SECTOR.

Destinado a valorar o número de equipos de cada club así como os gastos que lle supón a súa participación nas competicións oficiais.

Só se terán en conta os equipos ou deportistas, no caso de competicións de carácter individual, acreditados mediante certificado emitido pola federación correspondente.

Para a valoración deste criterio tomarase en conta os deportistas da tempada 2016-2017 no caso de deportes de tempada bianual ou do ano 2017 no caso de deportes de tempada carácter anual. Multiplicarase:

- N.º equipos en competición xogade x 2 pts.
- N.º equipos en ligas locais x 2 pts.
- N.º equipos en ligas comarcais x 3 pts.

- N.º equipos en ligas provinciais x 4 pts.
- N.º equipos en ligas galegas, autonómicas ou rexionais x 5 pts.
- N.º equipos en ligas nacionais x 10 pts.

Así mesmo para competicións con carácter individual aplicarase o seguinte baremo. O Club ou entidade deportiva deberá sinalar o nivel de competición individual de cada un dos deportistas. No suposto que un mesmo deportista compita a nivel individual nas competicións local, comarcal, provincial, autonómica ou estatal deberá indicar a categoría máxima na que participa que contemple a súa licenza federativa.

Clubs con representación (alomenos un deportista) na competición de carácter:

- Competición xogade 2 pts. (1 deportista) 5 pts. (máis de 1)
- Ligas locais 2 pts. (1 deportista) 5 pts. (máis de 1)
- Ligas comarcais 3 pts. (1 deportista) 6 pts. (máis de 1)
- Ligas provinciais 4 pts. (1 deportista) 8 pts. (máis de 1)
- Ligas galegas, autonómicas ou rexionais 5 pts. (1 deportista) 10 pts. (máis de 1)
- Ligas nacionais 10 pts. (1 deportista) 20 pts. (máis de 1)

Neste apartado outorgarase o máximo (20 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtívese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos

9.1.3.-TÉCNICOS E COLABORADORES. NIVEL DE SOSTENIBILIDADE DO PROXECTO.

Para a baremación deste criterio será preciso presentar documentación acreditativa de cada titulación ou certificación por parte da federación correspondente.

- Licenciados ou graduados en Ciencias da actividade física e do deporte x 5 pts.
- Adeptadores nacionais x 4 pts.
- Adeptadores rexionais, territoriais ou Diplomados ou graduados en Educación Física x 3 pts.
- Monitores básicos ou TAFAD x 2 pts.
- Delegados, Colaboradores, auxiliares x 1 pto.

Neste apartado outorgarase o máximo (10 puntos) á entidade que máis puntuación parcial obtívese e para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos

9.1.4.-PROMOCIÓN DEPORTIVA. PROMOCION DA PARTICIPACION CIDADÁ E DINAMINACION COMUNITARIA.

9.1.4.1.-Seccións deportivas.

Para a valoración deste criterio tomarase en conta os deportistas da tempada 2016-2017 no caso de deportes de tempada bianual ou do ano 2017 no caso de deportes de tempada carácter anual. Multiplicarase:

- N.º de seccións deportivas federadas do club x 5 pts.

9.1.4.2.-Escola deportiva.

Para a valoración de este criterio tomarase en conta as escolas deportivas organizadas ao abeiro da tempada 2016-2017.

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Horas semanais adicadas a Escola deportiva.
 - Valorarase a distribución de horas e grupos semanais adicados a actividade deportiva non federada así como as datas de inicio e fin da escola.
 - Outorgarase a máxima puntuación (50 pts.) á entidade que presente o maior número de horas semanais. Para a baremación dos puntos correspondentes ao resto de entidades, calcularase a parte proporcional dos puntos en base as horas declaradas.
- Déficit de actividades no municipio.
 - Para a valoración de este criterio tomarase como referencia o Rexistro Municipal de Entidades Ciudadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe de deportes ou no antigo rexistro do extinguido Patronato Municipal de Deportes.

- Unha vez consultado o rexistro as entidades deportivas que resulten ser as únicas no municipio que teñen por obxecto o fomento e promoción dunha modalidade deportiva recoñecida, obterán 10 pts.

9.1.4.3.–Organización de probas ou actividades deportivas.

Para a valoración deste criterio será preciso presentar un cadro resumo dos diferentes eventos a realizar polo club e que recolla a seguinte información: denominación do evento, datas previstas, o resto da información (destinatarios, ubicación, obxectivos no caso de actividades de promoción) deberá recollerse no proxecto deportivo da actividade do club.

Multiplicarase por:

- Organización de actividades no ámbito da competición oficial ou federada x 5 pts.
- Organización de actividades no ámbito da iniciación, promoción deportiva ou popular x 2 pts.

Non se terán en conta aquelas actividades ou eventos deportivos para as que as os clubs ou entidades deportivas reciban unha subvención nominativa no mesmo exercicio orzamentario .

Neste apartado outorgarase o máximo (20 puntos) a entidade que máis puntuación parcial obtivese. Para o resto das entidades calcularase proporcionalmente en base aos puntos parciais obtidos

9.2) PROXECTO ECONÓMICO (30%)

9.2.1. GASTOS DEPORTIVOS.

Capacidade de autoxestión derivado da solicitude.

- Outorgarase un máximo de 30 ptos.
- Baremación de puntos: A puntuación máxima será de 30 puntos, e corresponderá á entidade que xustifique o maior grado de autofinanciamento. Con base ao anterior, os puntos correspondentes ao resto de entidades, calcularanse proporcionalmente.

10.–Notificación e publicidade da resolución.

As subvencións concedidas publicaranse no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol.

O prazo máximo no que debe notificarse ás entidades interesadas a resolución expresa será de seis meses contados a partir do día seguinte á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Transcorrido este prazo, a falta de resolución e notificación producirá efectos desestimatorios.

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. En concordancia co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste concello, no termo dun mes a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado contencioso administrativo correspondente.

11.–Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria.

As comunicacións entre a persoa ou entidade adxudicataria e o Concello de Ferrol deberán realizarse en galego, así e como a difusión de resultados relativos ao proxecto e os seus produtos, en cumprimento da Ordenanza municipal de normalización lingüística de 1997.

En todo o demais estarase ao disposto nas Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidade cidadás e cidadanía en xeral (base novena)publicadas no BOP número 20 do 1 de febreiro de 2010.

12.–Documentación xustificativa.

12.1.–A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da Presidencia ou persoa na que delegue. No caso de certificación acreditativa dos gastos realizados ás sinaturas anteriores xuntarase á da tesouraría da entidade.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola Presidencia ou persoa na que delegue.

12.2.–A entidade subvencionada para acreditar a execución do programa deberá presentar, no Rexistro Xeral do Concello e no prazo establecido a “conta xustificativa” que constará da seguinte documentación:

- Memoria da actividade realizada durante o período obxecto da subvención, debendo conter actividades ou programas realizadas con expresión do calendario e lugar de execución, resultados obtidos,número de persoas destinatarias.

- Facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei Xeral de subvencións e o seu Regulamento). Poderase xustificar con copias compulsadas sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo responsable: “Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/2003 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención do Concello de Ferrol do ano”.
- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - No caso de pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario
 - No caso de pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
 - No caso de transferencia electrónica: xustificante impreso co selo da entidade e extracto
 - Admitirase excepcionalmente a xustificación do pago en efectivo, sempre que a factura non supere os 150 € (ive engadido) e que o gasto xustificado en efectivo non supere o 10% do importe adxudicado. Na factura ou documento equivalente deberá constar cuño do establecemento ou recibín asinado pola persoa que recibe os fondos con indicación do seu nome e DNI.
- Certificación acreditativa dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras (nome da empresa e NIF ou, no seu caso, apelidos completos e sen abreviatura e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (n.º de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión e detalle da retención do IRPF, nos casos que proceda e data e forma de pago). (Anexo VI). Para os gastos de persoal indicarase para cada traballador/a o mes, a data, o importe bruto da nómina e o importe da Seguridade Social con cargo á entidade, así como a porcentaxe da xornada laboral que en cada caso se lle impute á actividade que se está a xustificar. Data e forma de pago. Se a entidade ten algunha bonificación nas cotas da Seguridade Social ao seu cargo, terá que facer referencia ao seu fundamento legal na documentación achegada. (Anexo VII)
- Declaración responsable de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos das subvencións doutras Administracións Públicas u entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos que xere a propia actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outro ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. (Anexo VIII). No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración que lla concedeu na que se detallan os conceptos subvencionados e os importes xustificadas así como o período ao que se refiren os gastos.
- Documentación gráfica acreditativa do cumprimento das obrigas en materia de publicidade do financiamento do Concello de Ferrol.
- Designación de conta bancaria según as normas establecidas pola Tesourería Municipal.
- Declaración responsable de que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario (estatal, autonómico e local) e da Seguridade Social (subvencións de importe ata 3000 €). No suposto de concesión de subvencións por importe superior a 3000€, será obrigatoria a presentación dos correspondentes certificados oficiais.
- No caso de que a subvención se destine a financiar unha subministración a partir de 18.000 € sen IVE teranse que achegar tres orzamentos, agás as excepcións do artigo 31.3 da LXS
- Balance xustificativo dos gastos e ingresos da actividade subvencionada.

12.3.–O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o día 15 de marzo do 2018, se ben antes de finalizar o prazo poderase ampliar, sempre que a persoa interesada o solicite e nos casos debidamente motivados, ou por proposta razoada da unidade xestora. O prazo ampliado non poderá exceder da metade do prazo establecido para a presentación da xustificación.

12.4.–Para determinar o cumprimento da finalidade básica da subvención será imprescindible que se den, de forma conxunta, os seguintes requisitos:

- En relación ao proxecto deportivo.
 - Desenvolvemento das actividades deportivas obxecto da subvención durante alomenos o 50% do período temporal obxecto da mesma (1 de xaneiro de 2017 a 31 de decembro de 2017).
- En relación ao gasto:
 - No caso de que se xustifique correctamente o 100% gasto adxudicado, aboarse a totalidade da subvención.

- No caso de que se xustifique correctamente un gasto inferior ao 100% e polo menos o 50% do gasto adjudicado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique correctamente un gasto inferior ao 50% do gasto adjudicado non se aboará cantidade ningunha.

12.5.—No caso de achegar xustificantes que non se axusten ao esixido ou presentar a documentación xustificativa incompleta, se lle notificará á persoa ou entidade beneficiaria da subvención, para que poida emendar, os xa presentados, no prazo de dez días hábiles. Poderase, excepcionalmente e previa xustificación, presentar novos documentos dentro do prazo concedido a tal fin, sen que isto signifique a posibilidade de realizar e ou presentar documentos de gasto e/ou de pago con data posterior á data máxima de realización do gasto establecida na Base 3. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento ditándose a resolución que lle deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

12.6.—De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

En todo caso, os documentos de gasto e/ou de pago que se presenten neste prazo excepcional deberán estar emitidos dentro do período máximo de realización do gasto establecida na Base 3.

A presentación da xustificación neste prazo excepcional ou no período comprendido entre a finalización do prazo de xustificación e a notificación do prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións lle correspondan previa incoación e tramitación do expediente sancionador correspondente segundo a seguinte gradación:

- Atraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 20% do importe da subvención co límite de 450 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a un mes ata tres meses: sanción do 30% do importe da subvención co límite de 800 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.
- Atraso na presentación da xustificación superior a tres meses: sanción do 40% do importe da subvención co límite de 900 €. O prazo contarase dende o prazo máximo de xustificación.

A tramitación do expediente de pago da subvención suspenderase durante a tramitación do expediente sancionador.

13.—Obrigas das entidades beneficiarias.

As obrigas das entidades son as recollidas na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

14.—Control financeiro das subvencións.

Este control realizarase consonte co disposto no art. 44 e seguintes da Lei xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira

En todo o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases reguladoras para a convocatoria de subvencións destinadas a entidades cidadás e cidadanía en xeral, Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Ferrol prorrogado para o exercicio de 2015; na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

Disposición adicional segunda

Para os efectos da salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas quedarán incorporados ao Rexistro Público de Entidades do Concello de Ferrol.

Ferrol ,3 de xullo de 2017.

O concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas

Jesús Basterrechea López

**Anexo I**

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA SUBVENCIONS A CLUBS E ENTIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA FOMENTO E PROMOCIÓN DO DEPORTE. ORZAMENTO MUNICIPAL 2017

D^a.....
 con D.N.I:..... como presidente / representante da entidade con CIF

En nome da entidade que represento SOLICITO:

Que sexa admitida a trámite a solicitude para a Subvención a Clubs e Entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte con cargo o orzamento municipal do ano 2017.

E DECLARO:

Baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos que constan na presente solicitude, así como na documentación que se acompaña:

- Anexo II Identificación do solicitante
- Acreditación da delegación da Presidencia
- Copia compulsada do CIF e D.N.I
- Proxecto deportivo da actividade deportiva da entidade a realizar durante a ano 2017 asinado polo Presidente/a da entidade ou persoa habilitada a tal efecto
- Baremo de puntuación (Anexo III)
- Fotocopias compulsadas da documentación acreditativa das titulacións do persoal
- Certificación da Federación correspondente axustada ó modelo.(Anexo IV)
- Declaración de outras axudas (anexo V)

IMPORTE SOLICITADO DE SUBVENCION:

En Ferrol a de de 2017

Asdo:

Sinatura do presidente/a ou persoa habilitada ao efecto

Sr ALCALDE DO ECXMO. CONCELLO DE FERROL

**Anexo II**

IDENTIFICACION DO SOLICITANTE					
ENTIDADE				CIF	
REPRESENTANTE				NIF	
Enderezo a efectos de notificación:				Tif:	
Mail:		Nº rexistro:		Nº socios entidade:	

D/ Dona _____ con D.N.I nº _____ como presidente/a e/ou representante e en nome da entidade solicitante, declaro baixo a miña responsabilidade que :
A entidade que represento comprométese a cumprir os requisitos establecidos nesta convocatoria de concesión de subvencións e que son os seguintes:
A entidade referida ten os seus estatutos adaptados á Lei 3/2012, do 3 de abril, Xeral do Deporte de Galicia
A entidade referida non está incurso en causa de prohibición para ter a condición de beneficiario de subvencións públicas de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de Novembro.
A entidade referida declara que atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade social, Facenda do Estado, Xunta de Galicia e Concello de Ferrol.
Que a entidade cumpre todo o regulado no artigo 14 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de subvencións, relativo as obrigas da entidade beneficiaria.
Que coñezo e acepto as bases xerais e específicas que rexen a presente convocatoria.
As actividades obxecto da subvención non teñen carácter interno ou social dentro da entidade
A entidade que represento comprométese a empregar con carácter xeral, linguaxe non sexista e inclusivo.
A entidade que represento comprométese a que todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento co Concello de Ferrol redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) das actividades subvencionadas.
A entidade que represento comprométese a facer constar en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas, así como no material empregado nas mesmas (equipacións, camisetas, trofeos, bolsas...) , a colaboración do Concello de Ferrol inxerindo en todo o material publicitario o logo institucional do concello

En Ferrol a de de 2017

Asdo:

Sinatura do presidente/a ou persoa habilitada ao efecto

D/D ^a con D.N.I Secretario/a da entidade, CERTIFICA que D/D ^a con D.N.I:..... ostenta representación suficiente para actuar en nome e por conta da entidade.
En Ferrol a de de 2017.
Sinatura do secretario/a. Sr:.....

* Xuntarase DNI E copia compulsada do CIF da entidade.



Anexo III . Baremo

PROXECTO DEPORTIVO 70%			
1.- PARTICIPACION. NIVEL DE COBERTURA POBLACIONAL.			
1.1 ESCOLA DEPORTIVA	CANTIDADE	multiplica por	Total
Gratuita		x 3	
Ata 12€/mes		x 2	
máis de 12€/mes		x 1	
1.2 ACTIVIDADE FEDERADA	CANTIDADE	multiplica por	Total
Fichas deportistas masculino		x 1	
Fichas deportistas femininos		x 3	
Fichas deportistas femininos de Ximnasia ritmica, Atletismo, Esgrima, patinaxe, Xadrez, Tiro con arco, Tiro olimpico, Judo, Kárate, Surf, Natación, Natacion Sincronizada, Golf, Actividades de montaña, Hípica, Actividades subacuáticas, Tenis, Tenis de mesa, Pádel, Deportes aéreos e Vela.		x 1	
1.3 ACCESIBILIDADE DO PROXECTO	CANTIDADE	multiplica por	Total
Alumnos acreditados con eiva física, psíquica ou sensorial.		x 3	
	Total puntos parciais		
DECLARACION RESPONSABLE			
En nome da entidade solicitante, declaro baixo a miña responsabilidade que:			
(marcar cunha X o que proceda segundo o caso)			
<input type="checkbox"/> Os alumnos participantes na Escola Deportiva obxecto da presente subvención son os arriba indicados, pagan as cantidades reflectidas e teñen a condición de non federados.			
<input type="checkbox"/> A entidade que represento ten concertado e en vigor, ao corrente no pago das primas correspondentes, un seguro que cubra tanto a responsabilidade civil nos termos que prevé o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, así como o seguro de asistencia sanitaria dos participantes que contempla o art. 22 da mesma Lei.			
<input type="checkbox"/> A entidade a que represento paga as licenzas ou mutualidades dos seus deportistas			
<input type="checkbox"/> A entidade que represento, ten entre os seus deportistas as persoas arriba indicadas con eiva física, psíquica ou sensorial			
En Ferrol a de de 2017			
Asdo:			
Sinatura do presidente/a ou persoa habilitada o efecto, e selo da entidade.			



2.COMPETICION. REPRESENTATIVIDADE NO SECTOR				
2.1. SISTEMA DE COMPETICIONS POR EQUIPOS	CANTIDADE	multiplica por		Total
Nº Equipos en comepticion XOGADE		x 2		
Nº Equipos en ligas locais		x 2		
Nº Equipos en ligas comarcais		x3		
Nº Equipos en ligas provinciais		x4		
Nº Equipos en ligas galegas, autonomicas ou rexionais		x5		
Nº Equipos en ligas nacionais		x10		
2.2. SISTEMA DE COMPETICIONS INDIVIDUAIS	CANTIDADE	1	máis 1	Total
Representacion en comepticion XOGADE		2 pts	5 pts	
Representacion en ligas locais		2 pts	5 pts	
Representacion en ligas comarcais		3 pts	6 pts	
Representacion en ligas provinciais		4 pts	8 pts	
Representacion en ligas galegas, autonomicas ou rexionais		5 pts	10 pts	
Representacion en ligas nacionais		10 pts	20 pts	
Total puntos parciais				

3. TECNICOS E COLABORADORES. NIVEL SOSTENIBILIDADE DO PROXECTO			
TITULACION	CANTIDADE	multiplica por	Total
Graduados en ciencias da actividade fisica e do deporte		x 5	
Adestradores Nacionais		x 4	
Adestradores rexionais territoriais ou graduados en Educación fisica		x 3	
Monitores básicos ou TAFAD		x 2	
Delegados ou colaboradores		x 1	
Total puntos parciais			

DECLARACION RESPONSABLE	
En nome da entidade solicitante, declaro baixo a miña responsabilidade que:	
(marcar cunha X o que proceda segundo o caso)	
<input type="checkbox"/> Que ningunha das actividades obxecto desta subvención implica o contacto habitual con menores.	
<input type="checkbox"/> Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto de subvención que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia	
En Ferrol a de de 2017	
Asdo:	
Sinatura do presidente/a ou persoa habilitada o efecto, e selo da entidade.	



4.PROMOCION DEPORTIVA. Promoción da participacion cidadá e dinamizacion comunitaria				
4.1 SECCIONS DEPORTIVAS				
Nº SECCIONS DEPORTIVAS	CANTIDADE	multiplica por X10	Total	
4.2 ESCOLA DEPORTIVA				
4.2.1. DISTRIBUCION SEMANAL				
NOME DA ACTIVIDADE OU GRUPO	DIAS SEMANAIS	HORARIO	INSTALACION	
4.2.2. DÉFICIT DE ACTIVIDADES NO MUNICIPIO				
A entidade é a unica no municipio en desenvolver a promocion da modalide de:	multiplica por X10	Total		
4.3. ORGANIZACION DE PROBAS OU EVENTOS DEPORTIVOS				
EVENTOS FEDERADOS	DATA PREVISTA	CONCEDIDO		multiplica por x 5 pts
		SI	No	
EVENTOS NON FEDERADOS	DATA PREVISTA	LUGAR	multiplica por x 2 pts	
En Ferrol a de de 2017				
Asdo:				
Sinatura do presidente/a ou persoa habilitada o efecto, e selo da entidade.				



PROXECTO ECONÓMICO 30%	
2. PREVISION DE INGRESOS E GASTOS DEPORTIVOS	
	ANO 2017
2.1 RELACION CLASIFICADA DE INGRESOS	
CONCEPTO	IMPORTE
Pago de cuotas de deportistas	€
Aportacións dos socios	€
SUBVENCION DO CONCELLO DE FERROL	€
Subvencións de administracións públicas	€
Subvencións das federacións	€
Subvencións de entidades privadas publicidade e outros	€
Outros ingresos a especificar:	€
	€
	€
	€
TOTAL	€
2.2 RELACION CLASIFICADA DE GASTOS	
CONCEPTO	
Fichas dos deportistas	€
Mutualidades e seguros de responsabilidade civil	€
Arbitraxes en competicións oficiais	€
Retribucións a persoal técnico	€
Retribucións persoal técnico	€
Custos por afiliación de xogadores para participar en competicións oficiais	€
Custos por inscricións de equipos ou deportistas para participar en competicións	€
Transporte	€
Material deportivo funxible (non inventariable)	€
Gastos de mantemento (luz, auga, gas, consumibles de oficina,telefono)	€
Gastos de manutención e hospedaxes relativos a calendarios de competicións	€
Seguros RC e asistencia sanitaria	€
Outros gastos a especificar	€
	€
	€
	€
TOTAL	€
En Ferrol a de de 2017	
Asdo:	
Sinatura do presidente/a ou persoa habilitada o efecto, e selo da entidade.	



DEPORTES

Anexo IV

CERTIFICADO DA FEDERACION

CERTIFICO QUE:	
Que o Club _____ durante a tempada 2016 - 2017 (ou ano 2017) participou nas competicións oficiais cos equipos ou deportistas que detallanse a continuación:	
NUMERO DE LICENZAS	Nº LICENZAS
Licenzas masculinas	
Licenzas femininas	
NIVEL DE COMPETICIONS POR EQUIPOS	Nº EQUIPOS
Nº Equipos en competición XOGADE	
Nº Equipos en ligas locais	
Nº Equipos en ligas comarcais	
Nº Equipos en ligas provinciais	
Nº Equipos en ligas galegas, autonómicas ou rexionais	
Nº Equipos en ligas nacionais	
NIVEL DE COMPETICIONS INDIVIDUAIS	Nº DEPORTISTAS
Representación en competición XOGADE	
Representación en ligas locais	
Representación en ligas comarcais	
Representación en ligas provinciais	
Representación en ligas galegas, autonómicas ou rexionais	
Representación en ligas nacionais	
ASIMESMO CERTIFICO QUE:	
Que o Club _____ durante a tempada 2016 - 2017 (ou ano 2017) dilixenciou as fichas de técnicos e colaboradores que detallanse a continuación:	
TITULACION	Nº TECNICOS
Adestradores Nacionais	
Adestradores rexionais ou territoriais	
Monitores básicos	
Delegados ou colaboradores	
E para que así conste, asíno a presente certificación	
En _____ a _____ de _____ de 2017	
asdo: _____	
Sinatura do presidente/a ou persoa habilitada o efecto, e selo da entidade.	

**Anexo V**

DECLARACIÓN XURADA DO CONXUNTO DE TODAS AS SUBVENCÍONS OU AXUDAS
SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PROCEDENTES DE CALQUERA ENTIDADE PÚBLICA OU
PRIVADA

PRIVADA

(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro,
do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas)

ENTIDADE	DESCRICIÓN DO TIPO DE SUBVENCION OU AXUDA	C/S*	IMPORTE

*C/S, indicase se foi concedida (C) ou solicitada (S)

NON FORON SOLICITADAS NIN CONCEDIDAS OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS

En Ferrol a de de 2017

Asdo:

Sinaturado presidente/a ou persoa habilitada o efecto e selo da entidade



DEPORTES

Anexo VI – CERTIFICACION DOS GASTOS REALIZADOS

D./Dona. _____ con CIF nº _____, con DNI nº _____ como secretario/a da entidade reflicten no seguinte cadro: CERTIFICO que os gastos que se realizaron con cargo á subvención outorgada son os que se

PROVEEDOR	NIF CIF PROVEEDOR	Nº FACTURA	DATA FACTURA	CONCEPTO	RET. IRPF	IMPORTE TOTAL	DATA PAGAMENTO
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
					€	€	
SUMA TOTAL						€	€

Ferrol _____ de _____ de _____

O/a secretario/a
Visto e prace
O/a presidente/a
O/a tesoureiro/a



DEPORTES

Anexo VIII – XUSTIFICACION DE INGRESOS

D./Dona. _____, con DNI nº _____
 como presidente/a da entidade _____ con
 CIF _____

DECLARO QUE PARA AS ACTIVIDADES OBXETO DESTA SUBVENCIÓN OBTIVEN OS
 SEGUINTES INGRESOS:

CONCEPTO	PROCEDENCIA	IMPORTE
Subvencions do Concello de Ferrol	Concelleria de procedencia	
		€
		€
		€
Subvencions de Administracións ou entidades públicas ou privadas	Administración ou entidade pública ou privada de procedencia	
		€
		€
Outros ingresos afectos á actividade (venda de rifas, cotas se inscricións, etc)	Describir a procedencia	
		€
		€
		€
SUMA TOTAL		€

Ferrol _____ de _____ de _____

O/a presidente/a

O/a tesoureiro/a

2017/6794